

EXPT.	TITULAR	D.N.I.	MUNICIPIO	MATRÍCULA	IMPORTE	NOTIF.
02/05	ARTURO REIRIZ TREVIÑO	35.452.247R	VILLAGARCIA	2261 BXK	90	RES.SAN
04/05	ISOLINA REBOIRAS OTERO	76.808.036	BUEU	PO5525T	90	RES.SAN
05/05	ANTONIO PIEDRAS SANTOS	35.278.321R	BUEU	7705 DCN	90	RES.SAN
07/05	MILAGROS VIETEZ BAULO	35.428.445G	BUEU	PO5187BF	90	RES.SAN
11/05	MANUEL GARCIA PASTORIZA	35.275.246	BUEU	PO9187BK	90	RES.SAN
15/05	ALFREDO LAGO VEIGA	35.300.868	MOAÑA	4238BRJ	90	RES.SAN
18/05	JUAN CARLOS PORTELA GONZALEZ	52.497.580	BUEU	PO8415BL	90	RES.SAN
22/05	FRANCISCO OTERO ACUÑA	35.263.967E	BUEU	8513BGT	90	RES.SAN
28/05	BIBIANA LEAL OTERO	53.110.653	MARIN	PO3931AX	90	RES.SAN
32105	JOSE FERREDAS SOAGE	35.275.640B	BUEU	PO4331BD	90	RES.SAN
38/05	JOSE LUIS ALVAREZ SUAREZ	35.995.698P	VIGO	PO4700AN	90	RES.SAN
45/05	UNION OPERADORES REUNIDOS S.A.	A15169535	LA CORUÑA	0580BHL	90	RES.SAN
48/05	LUCIA PIEDRAS ALDAO	52.497.770	BUEU	7621CTV	90	RES.SAN
56/05	RAMON FERNANDEZ MARTINEZ	35.274.330N	CANGAS	6370CKZ	90	RES.SAN
57/05	JOSE GONZALEZ PIÑEIRO	35.300.982F	CANGAS	1284BWP	90	RES.SAN
59/05	DELFIN DOUTO ALVAREZ		LA GUARDIA	0784CSW	90	RES.SAN
66/05	JESUS GARCIA AVILLEIRA	35.299.061	PONTEVEDRA	3625CJZ	90	RES.SAN
76/05	M8 CARMEN BARREIRO REGUEIRA	52.490.849	BUEU	6004BXW	90	RES.SAN
83/05	ALFREDO LAGO VEIGA	35.300.868P	MOAÑA	4238BRJ	90	RES.SAN
87/05	HUMBERTO CURRA FERNANDEZ	36.131.149	VIGO	5346CSF	90	RES.SAN
88/05	ROSA REY MARTINEZ	53.114.112	BUEU	PO6861AY	90	RESSAN
90/05	Mª RITA BARREIRO SOTELO	35.279.819	CANGAS	PO6705AU	90	RES.SAN
92/05	ROSA MARTINEZ LOPEZ	52.273.655G	CANGAS	1821BGY	90	RES.SAN
93/05	ALBERTO FERNANDEZ GARCIA		MADRID	PO4801AB	90	RES.SAN
96105	JOSEFA BARREIRO VIZOSO	53.311.915	BUEU	PO2065AB	90	RES.SAN

Bueu, a 5 de octubre de 2005.—A Alcaldesa, María Elena Estévez Freire.

2005009539

* * *

CANGAS

A N U N C I O

O Concello en Pleno en sesión de data 29 de Xullo de 2005, aprobou inicialmente o Regulamento Municipal de Voluntariado, que foi sometido a información pública por 30 días hábiles, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de data 23 de agosto de 2005, e mediante anuncio que foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello durante 30 días hábiles. No período de exposición pública non foron presentadas alegacións, co cal enténdese definitivamente aprobado o citado Regulamento. Contra a aprobación definitiva, que pon fin a vía administrativa, do regulamento poderá presentarse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte da públi-

cación deste anuncio no BOP, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquer outro que estimen convinte. O texto integro do regulamento aprobado definitivamente transcribese como segue:

REGULAMENTO MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ó longo da historia, as entidades de acción voluntaria foron as precursoras dos valores da solidariedade, a responsabilidade e o progreso implícitos ó voluntariado, convertíndose nas principais vías de canalización do movemento voluntario. Na nosa vila, son moitos os voluntarios e voluntarias que día a día traballan no marco de asociacións e outras entidades. É por iso que o Concello de Cangas, consciente da inquietude cidadá por atopar espacios de expresión da súa vontade solidaria, considera necesario,

ademais de fomenta-lo movemento asociativo do voluntariado e abrir unha oficina de información e orientación, establecer unha regulamentación que permita garanti-la participación e a coordinación das persoas voluntarias que libremente decidan colaborar en programas ou eventos organizados poi a administración municipal.

Este regulamento, nace co fin de regula-la acción voluntaria que se poida desenvolver desde o Concello de Cangas e como apoio e complemento á levada a cabo polo tecido asociativo local, que en materia de voluntariado é máis ben escasa.

MARCO NORMATIVO

A Carta Social Europea propón no seu artigo 12 estimula-la participación das persoas no ámbito individual na acción e o mantemento dos servizos públicos do estado de benestar.

A Constitución Española, no seu artigo 9.2, di que corresponde aos poderes públicos facilita-la participación de toda a cidadanía na vida social e remove-los obstáculos que a dificulten.

A Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado, que se fixa como obxectivo promover e facilita-la participación solidaria dos cidadáns e cidadás en actuacións de voluntariado, no seno de organizacións sen ánimo de lucro tanto públicas coma privadas.

A Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia, como marco de referencia do presente regulamento, reafirmase nos obxectivos marcados pola lei estatal, pero engadindo o obxectivo de ordena-las relacións entre as administracións públicas e as entidades de acción voluntaria.

Regulamento marco do voluntariado local da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), aprobada en Comisión Executiva do 11 de marzo do 2003.

Calquera normativa que entre en vigor.

CAPÍTULO I.

Disposicións Xerais

Artigo 1º.—Obxecto e ámbito de actuación.

o obxecto deste regulamento é o de promover, fomentar, recoñecer e garanti-la acción voluntaria levada a cabo polos cidadáns e cidadás no Concello de Cangas dentro dos programas, proxectos ou actuacións de voluntariado que promova e realice o concello ou as entidades públicas del dependentes, así como, calquera organización pública ou privada que execute programas, proxectos ou actuacións de voluntariado promovidos e/ou financiados total ou parcialmente polo concello.

Artigo 2º.—Concepto de Voluntariado.

1. Enténdese por voluntariado o conxunto de actividades desenvolvidas en áreas de interese xeral sempre que se realicen:

- * De maneira altruísta, desinteresada e solidaria.
- * Con carácter voluntario e libre, sen que teñan por causa unha obriga persoal ou deber xurídico.
- * Sen contraprestación económica, sen perxuízo do dereito ao reembolso dos gastos que ditas actividades voluntarias ocasionen.
- * Por medio de entidades públicas ou privadas estables e democráticas sen ánimo de lucro e dacordo con programas ou proxectos concretos de interese xeral.

2. Quedan excluídas do concepto de voluntariado as actividades:

- * Desenvoltas como consecuencia dunha relación laboral, mercantil ou funcionarial.
- * Illadas, esporádicas ou realizadas por razóns de benevolencia, amizade ou boa veciñanza.

Artigo 3º.—Principio xeral.

A actividade de voluntariado non poderá, en ningún caso, substituír prestacións de traballo ou servizos profesionais remunerados que sexan competencia das entidades públicas ou privadas.

Artigo 4º.—Principios básicos da actuación do voluntariado.

A actuación do voluntariado fundaméntase nos seguintes principios básicos:

- a) A participación libre, altruísta e responsable dos cidadáns/as en actividades de interese xeral.
- b) A solidariedade coas persoas e cos grupos sociais, procurando a integración activa de todos/as na sociedade.
- c) O respecto ás conviccións e crenzas das persoas, loitando contra as distintas formas de exclusión.
- d) A colaboración entre as entidades e as administracións públicas.
- e) A autonomía e a independencia das entidades de acción voluntaria respecto dos poderes públicos.
- f) A gratuidade e a proximidade, de tal xeito que as actividades de voluntariado se realicen o mais preto posible dos cidadáns/as e do seu medio.
- g) A complementariedade respecto do traballo profesional.
- h) En xeral, todos aqueles principios inspirados dunha sociedade democrática, pluralista e participativa.

CAPÍTULO II.
*Dereitos e deberes dos voluntarios/as
e do concello*

Artigo 5º.—Dereitos do voluntario/a.

Son dereitos das persoas voluntarias:

- a) Participaren activamente na organización na que estean integradas dacordo cos seus estatutos, colaborando na planificación, deseño, execución e avaliación dos programas nos que colaboren.
- b) Seren tratadas sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- c) Recibiren a orientación, apoio e formación necesarios para o exercicio da súa actividade.
- d) Estaren aseguradas polos riscos que poidan derivar do exercicio da actividade voluntaria, polos capitais que regulamentariamente se establezan.
- e) Dispoñeren dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntarios/as.
- f) Realizaren as súas actividades en condicións de seguridade e hixiene.
- g) Seren reembolsadas dos gastos que lles poida ocasionar a actividade de voluntariado.
- h) Dispoñeren dos medios e recursos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade.
- i) Recibiren certificacións da súa participación nos programas e proxectos de voluntariado, que poderán, se é o caso, como recoñecemento do seu valor social, ser obxecto de valoración no seu currículo.
- j) Cesaren libremente na súa condición de persoas voluntarias.
- k) Obteren o cambio de programa asignado cando existan causas que o xustifiquen, dentro das posibilidades da entidade.
- l) En xeral, os demais que deriven deste regulamento e do ordeamento xurídico existente.
- m) Non seren asignadas á execución de tarefas alleas aos fins e á natureza da entidade.

Artigo 6º.—Deberes do voluntario/a.

Son deberes das persoas voluntarias:

- a) Cumpriren os compromisos acordados coas entidades nas que se integran, respectando o disposto nos seus estatutos.
- b) Gardaren a confidencialidade respecto da información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade.
- c) Rexeitaren toda clase de contraprestación económica ou material que poida serlles ofrecida polo beneficiario/a ou por outras persoas en virtude da súa actuación.

- d) Actuaren de forma dilixente, responsable e solidaria na execución das tarefas que lles sexan encomendadas se guindo as instrucións que se impartan.
- e) Respetaren os dereitos e as crenzas das persoas beneficiarias.
- f) Participaren nas actividades de formación establecidas pola organización.
- g) Observaren as medidas de seguridade e hixiene que se adopten.
- h) Coidaren e faceren bo uso dos recursos materiais que poñan á súa disposición as entidades para o desenvolvemento da súa actividade, así como empregaren debidamente as acreditacións e os distintivos da organización que se lles outorguen.

Artigo 7º.—Obrigas do concello en relación ós proxectos, programas ou actuacións de voluntaria do que promova.

O concello está obrigado, con respecto ós voluntarios/as dos programas que promova, e tamén dos programas nos que participe financeiramente, sempre que neste último caso se acorde expresamente no acordo de financiamento, a:

- * Dotar ós voluntarios/as dunha credencial identificativa.
- * Cumprir os acordos adquiridos coas persoas voluntarias no compromiso de incorporación.
- * Cubrir os gastos derivados da prestación do servizo e dotar ás persoas voluntarias dos medios adecuados para cumprir cos seus cometidos.
- * Garantir unhas condicións de seguridade e hixiénico-sanitarias adecuadas.
- * Subscribir unha póliza de seguros que cubra danos aos propios voluntarios/as e a terceiros, producidos no exercicio da actividade encomendada.
- * Realizar e manter un rexistro de altas e baixas do voluntariado.
- * Dar ós voluntarios/as, na súa actividade, unha cobertura técnica axeitada para a execución das súas tarefas.
- * Establecer os mecanismos de participación dos voluntarios/as no deseño e avaliación dos programas nos que interveñan.
- * Dar ó voluntario/a a formación e información adecuadas para o exercicio da tarefa que se lle vai encomendar.
- * Impedir que se reemplacen a través das actividades que realicen as persoas voluntarias postos de traballo que deberán seren retribuídos.
- * Seguimento e control da acción do voluntariado por parte do responsable do programa.

- * Informar ós voluntarios/as sobre o tratamento dos seus datos unha vez cuberta a ficha de solicitude conforme coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO III.

Organización do Voluntariado Municipal.

Artigo 8º.—Oficina Municipal de Voluntariado e as entidades de acción voluntaria.

1. A Oficina Municipal de Voluntariado, denominada "Cangas Voluntaria", estará adscrita ó Concello de Cangas a través da Concellería de Xuventude e actuará como unha entidade mais no ámbito do voluntariado e como tal ofertará ós voluntarios/as de Cangas a posibilidade de colaborar nalgúns dos proxectos que conformen o Programa Municipal de Voluntariado no que se implican distintos servizos municipais.

2. Colaborando coa Oficina Municipal de Voluntariado estarán as entidades de acción voluntaria que así o desexen despois de seguir os seguintes pasos:

- * Rexistro das entidades de acción voluntaria: as entidades de acción voluntaria que desexen colaborar coa Oficina Municipal de Voluntariado deben inscribirse no rexistro de entidades de acción voluntaria.
- * Petición de voluntarios/as por parte das entidades de acción voluntaria: as entidades de acción voluntaria deberán poñerse en contacto coa Oficina Municipal de Voluntariado indicando o perfil da persoa que precisan. A oficina xunto coa entidade de acción voluntaria seleccionarán ó voluntario/a.

3. A Oficina Municipal de Voluntariado será responsable das persoas voluntarias que participen nas diferentes actividades que promova e leve a cabo o Concello de Cangas, e realizará un seguimento dos voluntarios/as unha vez colaboren nalgún proxecto sexa do concello ou dalgunha entidade de acción voluntaria.

Artigo 9º.—Comisión de seguimento.

A Comisión de Seguimento levará a cabo a avaliación da acción voluntaria e estará constituída por un técnico/a de cada área e o concelleiro/a responsable do servizo de voluntariado e de Xuventude.

No caso de incumprimento dos deberes adquiridos no acordo de incorporación, poderase sancionala conducta dos voluntarios/as e no seu caso excluílos do programa, previo ó correspondente procedemento con audiencia do interesado e de forma motivada.

Artigo 10º.—Admisión de solicitudes.

As persoas que desexen incorporarse como voluntarios/as deberán solicitalo mediante escrito, cun modelo que se facilitará na Oficina Municipal de Voluntariado.

A admisión dos voluntarios/as efectuarase en función dos recursos e dos programas existentes.

Artigo 11º.—Incorporación do voluntario/a.

- * A incorporación do voluntario/a ó Servizo Municipal de Voluntariado formalizarase mediante compromiso escrito que exprese: identificación do centro e do voluntario, programa ó cal se incorpora, contido das funcións e das actividades, responsable do programa e do seu seguimento, tempo comprometido para a actividade e plan de formación e de apoio se o precisa. Así mesmo, recollerá información sobre os dereitos e deberes de ambas partes.
- * A incorporación do voluntario/a nas entidades de acción voluntaria: os voluntarios/as interesados/as en participar nas actividades ofertadas polas entidades de acción voluntaria na Oficina Municipal de Voluntariado deberán sinalalo no modelo de inscrición que deben cubrir na oficina.

Artigo 12º.—Desvinculación do voluntario/a.

O cese da vinculación entre o voluntario/a e o Servizo Municipal de Voluntariado virá determinado pola decisión acordada ou unilateral de calquera das partes, comunicada de forma fehaciente á outra parte.

Artigo 13º.—Formación do Voluntariado.

Co obxecto de conseguir que a acción voluntaria poida ser de calidade, levaranse a cabo accións formativas en tres liñas de actuación:

- * Cursos de formación básica.
- * Cursos de formación específica.
- * Outras actividades: conferencias, talleres, etc.

CAPÍTULO IV.

Do fomento do voluntariado

Artigo 14º.—Fomento do Voluntariado.

O Concello de Cangas realizará campañas de promoción do voluntariado entre os veciños/as da nosa vila e apoiará aquelas actuacións que nesta materia se efectúen desde as entidades de acción voluntaria.

Artigo 15º.—Convenios de colaboración.

Como entidade con personalidade xurídica, o concello poderá realizar acordos e convenios de colaboración con entidades de acción voluntaria,

para o desenvolvemento de servizos e prestacións en beneficio da comunidade.

CAPÍTULO V.
Do rexistro de entidades

Artigo 16º.—O rexistro de entidades de acción voluntaria.

As entidades de acción voluntaria que deseen colaborar coa oficina municipal de voluntariado deberán cubri-la folla de inscrición que lle facilitará o persoal da oficina e aportarán os estatutos da entidade, a acta constitucional, a composición da xunta directiva e o domicilio social de dita entidade.

Artigo 17º.—Inscrición no rexistro da oficina municipal de voluntariado.

A inscrición levarase a cabo, previo análise da documentación, e sempre que os seus estatutos, e demais documentos cumpran o disposto na normativa vixente, para poder ser entidade de acción voluntaria. O prazo para resolver acerca de se se inscribe ou non no rexistro municipal será de tres (3) meses. Se non se contesta no citado prazo, enténdese desestimado por silencio administrativo. A denegación da inscrición deberá de ser motivada.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Facúltase ó Alcalde-Presidente do Concello de Cangas a dictar cantos actos sexan necesarios para o desenvolvemento do presente regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 da Lei 7/85, permanecendo en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación.”

Así mesmo, dase conta do dictame favorable á proposta de aprobación inicial do Regulamento municipal de voluntariado, emitido pola Comisión Informativa de Deportes e Xuventude de data 26.7.05.

Cangas, a 4 de outubro de 2005.—O Alcalde, José Enrique Sotelo Villar. **2005010321**

* * *

COVELO

A N U N C I O

Aprobado o Padrón das Taxas da Auga do exercicio 2005, porase ó dispor do público no Concello durante o período de 30 días contados a partir da data da publicación deste anuncio no B.O.P., podendo os interesados, durante dito

prazo, examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De conformidade co previsto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, en relación cos artigos 87 e 88 do Regulamento Xeral de Recadación, de 20 de decembro de 1990, comunícaselles ós contribuintes afectados que o período voluntario de cobranza da taxa indicada, será do día 1 ó 30 de decembro do 2005 na depositaría do Concello.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, o abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sin ter satisfeita a débeda, determinará o comenzo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no artigo 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

Covelo, a 28 de outubro de 2005.—O Alcalde, José Costa Díaz. **2005010245**

* * *

DOZÓN

E D I C T O

Solicitando desta Alcaldía don Carlos Lalín Enríquez, licencia municipal para a apertura de “Explotación avícola de polos”, a situar en Seixas-Sanguinedo, cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da provincia, poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Dozón, a 28 de outubro de 2005.—O Alcalde, ilexible. **2005010241**

* * *

A GUARDA

E D I C T O

Doña María da Graca da Cunha Domínguez, solicitou desta Alcaldía licencia de actividade para “Cafetería-Restaurante”, sito na rúa de O Pasaxe, s/n. (Estación marítima de O Pasaxe) deste Municipio.

En cumprimento do preceptuado no artigo 30.2, apartado a) do Regulamento de Actividades Moles-